

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 21 DE DECEMBRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:10 horas do día 21 de decembro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 19 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. María Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. José Ángel Otero Lamas, como vogal suplente de D. Jerónimo Centrón Castaños (asiste aos puntos 7, 8, 9a e 10b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta do 11 de decembro de 2018

Apróbase a acta da sesión do 11 de decembro de 2018 cos votos de D^a. María Isabel Fernández Gabriel, D^a. Olga Gómez Corbal e D. Secundino Otero Faílde.

b) Acta do 13 de decembro de 2018

Apróbase a acta da sesión do 13 de decembro de 2018 cos votos de D^a. María Jesús Lago Rey, D^a. María Isabel Fernández Gabriel, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro dun vehículo autoescaleira automática de salvamento en altura de 39 metros para o servizo de bombeiros (5.473-213)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:40	Páxina 1 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A748-E3AFBB-32D15F-BZ6XXP-HMNLRF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Outorgar un prazo de tres días a ITURRI, S.A. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación.

Concretamente, ao indicar no DEUC presentado que se basea o licitador na capacidade doutras empresas para satisfacer os criterios de selección, tal e como indica o propio formulario do DEUC e como esixe a cláusula 14.2A do PCAP, deberá achegar o DEUC cumprimentado pola empresa en cuxa capacidade se basea e o anexo IV do PCAP "DECLARACIÓN DE POSTA A DISPOSICIÓN DE MEDIOS POR UN TERCEIRO".

b) Procedemento aberto mixto para a contratación das obras de "Implantación de vía verde sobre antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzáiz" e o mantemento das zonas verdes, do mobiliario urbano e das instalacións eléctricas (117-441)

Retírase este asunto da orde do día.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto mixto para a contratación das obras de "Implantación de vía verde sobre antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzáiz" e o mantemento das zonas verdes, do mobiliario urbano e das instalacións eléctricas (117-441)

Retírase este asunto da orde do día.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro dun vehículo autoescaleira automática de salvamento en altura de 39 metros para o servizo de bombeiros (5.473-213)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo a ITURRI, S.A. para a emenda da documentación persoal.

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2018. Lote 1 Vigo Sur, lote 2 Vigo Este, lote 3 Vigo Oeste" (115-441)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 17 de decembro de 2018, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores (para os tres lotes):

- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (presenta xustificación para os lotes 2 e 3)
- MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (presenta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:40	Páxina 2 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A748-E3AFBB-32D15F-BZ6XXP-HMNLRF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

xustificación para os lotes 1 e 2)

Durante o prazo concedido, os dous licitadores presentaron documentación, da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 21 de decembro de 2018 o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – FEDER Vigo Vertical e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiu informe sobre as xustificacións presentadas no que conclúe que non se cumpren os requisitos establecidos na LCSP para considerar xustificadas as baixas e que poidan con elas cumprir o contrato.

Asiste á sesión para explicar o anterior informe o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – FEDER Vigo Vertical.

A Mesa, por unanimidade, acepta o informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión dos tres lotes deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por entender que as súas ofertas non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais:

- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2018. Lote 1 Vigo Sur, lote 2 Vigo Este, lote 3 Vigo Oeste" (115-441) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 21 de decembro de 2018 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2018. Lote 1 Vigo Sur, lote 2 Vigo Este, lote 3 Vigo Oeste" (115-441) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Excluír nos 3 lotes deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo enxeñeiro de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:40	Páxina 3 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A748-E3AFBB-32D15F-BZ6XXP-HMNLRF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Camiños, Canles e Portos – FEDER Vigo Vertical e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas:

- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2018. Lote 1 Vigo Sur, lote 2 Vigo Este, lote 3 Vigo Oeste" (115-441) na seguinte orde descendente:

Lote nº 1:

	Empresas	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA	27,30
2	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL	25,50
3	NAROM SL	23,79
4	NEXIA INFRAESTRUCTURAS SL	20,78
5	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA	20,02
6	MISTURAS OBRAS E PROYECTOS SA	18,08
7	OBRAS CAMINOS Y ASFALTOS SA	17,57
8	OBRAS PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES SL	16,81
9	NEMESIO ORDOÑEZ SA	14,74
10	HORDESCON SL	14,71
11	ASFALGAL TECNICOS VIARIAS SL	12,65

Lote nº 2:

	Empresas	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA	30,76
2	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL	28,10
3	NEXIA INFRAESTRUCTURAS SL	24,54
4	NAROM SL	21,94
5	MISTURAS OBRAS E PROYECTOS SA	20,82
6	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA	20,16
7	OBRAS CAMINOS Y ASFALTOS SA	17,86
8	OBRAS PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES SL	17,08
9	HORDESCON SL	15,94
10	NEMESIO ORDOÑEZ SA	15,55
11	ASFALGAL TECNICOS VIARIAS SL	14,33

Lote nº 3:

	Empresas	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA	28,61
2	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL	24,00
3	NAROM SL	22,87
4	NEXIA INFRAESTRUCTURAS SL	22,47
5	MISTURAS OBRAS E PROYECTOS SA	19,36
6	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA	15,70
7	OBRAS CAMINOS Y ASFALTOS SA	14,48



8	ASFALGAL TECNICOS VIARIAS SL	14,32
9	OBRAS PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES SL	14,03
10	HORDESCON SL	13,86
11	CONSTRUCCIONES VALE SL	13,42
12	NEMESIO ORDOÑEZ SA	7,13

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos tres lotes, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro dun vehículo autoescaleira automática de salvamento en altura de 39 metros para o servizo de bombeiros (5.473-213)

Retírase este asunto da orde do día.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de "cubrición da pista deportiva do centro cultural Becerreira" (20.174-240)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 20 de decembro, o mesmo día se concedeu un prazo a SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L. e INGENIERÍA Y CONSTRUCCIONES PIÑEIRO, S.L. para que puidesen acreditar as circunstancias indicadas pola Mesa de Contratación para resolver o empate producido no prezo.

Durante o prazo concedido os dous licitadores presentaron documentación. Revisada pola Mesa de Contratación, á vista de que non quedan acreditadas as circunstancias requiridas, acórdase celebrar, en acto público, un sorteo de acordo co previsto no artigo 147 da LCSP.

Para isto introdúcese nun saco dúas bolas cun número cada unha, previa asignación dos números aos dous licitadores empatados.

Realizado o sorteo resulta primeiro clasificado SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.

Non asistiu público para a celebración do sorteo.

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:40	Páxina 5 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A748-E3AFBB-32D15F-BZ6XXP-HMNLRF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIONES ALEA SOCIEDAD LIMITADA por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter presentado xustificación ningunha en prazo.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego e o desempate resolto na sesión do 21 de decembro de 2018, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "cubrición da pista deportiva do centro cultural Becerreira" (20.174-240) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES SL	100,00
2	INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES PIÑEIRO SL	100,00
3	INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS SL	99,93
4	SITEXCA 2016 SL	99,80
5	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	99,28
6	SERGONSA SERVICIOS SL	98,50
7	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, SOCIEDAD LIMITADA	93,81
8	PRACE	89,84
9	ORECO SA	85,53
10	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL	83,03
11	UTE EMERGIS CONSTRUCCION SL -PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO	66,95
12	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ SL	45,18

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

10.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización do portafirmas dixital corporativo do Concello de Vigo (8.622-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:40	Páxina 6 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A748-E3AFBB-32D15F-BZ6XXP-HMNLRF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización do portafirmas dixital corporativo do Concello de Vigo (8.622-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 12 de decembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización do portafirmas dixital corporativo do Concello de Vigo (8.622-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMATIA INNOVATION, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013".

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMATIA INNOVATION, S.L., o día 17 de decembro de 2018, que presenta a documentación requirida o 20 de decembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de decembro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:40	Páxina 7 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A748-E3AFBB-32D15F-BZ6XXP-HMNLRF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar IMATIA INNOVATION, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por IMATIA INNOVATION, S.L., de acordo co informe de valoración da proposición avaliadas mediante xuízo de valor de data 3 de decembro de 2018 e o acordo da Mesa do 10 de decembro polo que se lle outorga ao licitador a máxima puntuación pola proposición avaliada a través de fórmula ao ser o único licitador admitido neste procedemento (cláusula 16.3 do PCAP).

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a IMATIA INNOVATION, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización do portafirmas dixital corporativo do Concello de Vigo (8.622-113) por un prezo total de 66.066,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 11.466,00 euros, coas seguintes condicións:

- *Propón unha redución do prazo de entrega máximo dun mes.*
- *Propón un incremento do prazo de garantía mínimo esixido de 2 anos.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:40	Páxina 8 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A748-E3AFBB-32D15F-BZ6XXP-HMNLRF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de reforzo de firmes en vías urbanas de Vigo. Lote 1 "pavimentación na avda. Castelao" e lote 2 "renovación da capa de rodaxe da rúa Areal" (134-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de reforzo de firmes en vías urbanas de Vigo. Lote 1 "pavimentación na avda. Castelao" e lote 2 "renovación da capa de rodaxe da rúa Areal" (134-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 14 de decembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 13 de decembro de 2018 pola que non se admite neste procedemento a NAROM, S.L. por non cumprir os requisitos de presentación das proposicións esixidos na cláusula 14.1 do PCAP ao ter presentado un sobre electrónico que non coincide coa pegada dixital presentada.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de reforzo de firmes en vías urbanas de Vigo. Lote 1 "pavimentación na avda. Castelao" e lote 2 "renovación da capa de rodaxe da rúa Areal" (134-441) na seguinte orde descendente:

Lote nº 1:

	Clasificación de orden:	oferta
1	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	36,46%
2	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	32,66%
3	ASFALGAL, TECNICAS VIARIAS, S.L.	31,98%
4	EMPRESA DE MEZCLAS ASFALTICAS, S.L.	31,33%
5	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	30,10%
6	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	29,17%
7	MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A.	26,79%
8	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	23,58%
9	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARC)	21,83%
10	HORDESCON, S.L.	21,83%
11	CONSTRUCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA)	21,27%



Lote nº 2

	Clasificación de orden:	oferta
1	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	35,34%
2	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	34,36%
3	ASFALGAL, TECNICAS VIARIAS, S.L.	31,98%
4	EMPRESA DE MEZCLAS ASFALTICAS, S.L.	31,33%
5	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARC)	31,10%
6	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	27,65%
7	CONSTRUCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA)	24,40%
8	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	23,12%
9	MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A.	21,19%
10	HORDESCON, S.L.	20,54%

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U., o día 17 de decembro de 2018, que presenta a documentación requirida o 21 de decembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de decembro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante, nos dous lotes, é a formulada por NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula de data 13 de decembro de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U. os lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de reforzo de firmes en vías urbanas de Vigo. Lote 1 "pavimentación na avda. Castelao" e lote 2 "renovación da capa de rodaxe da rúa Areal" (134-441) coas seguintes condicións:

- *O prezo do lote 1 é de 476.847,73 euros (porcentaxe de baixa ofertada do 36,46%) , sendo a cota correspondente ao IVE de 82.758,70 euros.*
- *O prezo do lote 2 é de 181.701,33 euros (porcentaxe de baixa ofertada do 35,34%), sendo a cota correspondente ao IVE de 31.534,94.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

c) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de elementos vexetais (11.270-446)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:40	Páxina 11 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A748-E3AFBB-32D15F-BZ6XXP-HMNLRF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do subministro de elementos vexetais (11.270-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 18 de decembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de elementos vexetais (11.270-446) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA	100
2	PLANTAS DE LEVANTE, S.L	86.13
3	CALFENSA PROYECTOS, S.L	59.19

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA, para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (cláusulas 8 e 22 do PCAP):

- *Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar (artigo 71 da LCSP).*
- *Acreditación da constitución garantía definitiva (de acordo co previsto na cláusula 23 do PCAP).*
- *Acreditación da solvencia técnica esixida no apartado 5 das FEC. (A solvencia económica consta acreditada no expediente 9309-446)".*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, D. JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA, o día 19 de decembro de 2018, que presenta a documentación requirida 20 de decembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de decembro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:40	Páxina 12 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A748-E3AFBB-32D15F-BZ6XXP-HMNLRF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar D. JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por D. JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA, de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula de data 14 de decembro de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación. adopción do seguinte acordo:

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a D. JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do subministro de elementos vexetais (11.270-446) por un prezo total de 109.000 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 9.909,09 euros e coas seguintes condicións:

- *Propón unha baixa proporcional única do 19,50 % a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no apartado 2 do PPT.*
- *Propón unha redución no prazo de entrega dos subministros sobre o mínimo esixido no apartado 5 do PPTP de 9 días.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

d) Procedemento aberto simplificado para a contratación mixta do subministro de valado de madeira (11.344-446)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:40	Páxina 13 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A748-E3AFBB-32D15F-BZ6XXP-HMNLRF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se oponse ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación mixta do subministro de valado de madeira (11.344-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 10 de decembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación mixta do subministro de valado de madeira (11.344-446) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntos
1	Zona de Obra O Rosal, S.L.	100
2	Jardincelas, S.L.	17.93
3	Calfensa Proyectos, S.L.	0.68

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:*

- *Acreditación da constitución garantía definitiva.*
- *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo VI".*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L., o día 12 de decembro de 2018, que presenta a documentación requirida o 18 e 20 de decembro, dentro do prazo concedido.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:40	Páxina 14 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A748-E3AFBB-32D15F-BZ6XXP-HMNLRF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de decembro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable a través de fórmula de data 5 de decembro de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. o procedemento aberto simplificado aberto simplificado aberto simplificado para a contratación mixta do subministro de valado de madeira (11.344-446) por un prezo total de 70.000 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.148,76 euros, e cun prezo do metro lineal de valado de 23,80 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:40	Páxina 15 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A748-E3AFBB-32D15F-BZ6XXP-HMNLRF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:40	Páxina 16 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A748-E3AFBB-32D15F-BZ6XXP-HMNLRF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		